



PLAN DIXITAL

CEIP Plurilingüe As Mercedes - Ourense

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Estamos situados en pleno centro urbano da cidade, Praza das Mercedes, e a escasos metros dos centros de interese turístico máis emblemáticos da mesma (Burgas, Catedral, rúa dos viños, museos, Praza Maior,...). Así mesmo compartimos edificio coa residencia xuvenil Florentino Cuevillas.

DATOS DO CENTRO

CEIP Plurilingüe As Mercedes - Ourense
Praza das Mercedes, S/N
32005 - Ourense
Código centro: 32009165
T. fixo: 988 68 50 30 Móbil: 693 606 123
ceip.asmercedes.ourense@edu.xunta.gal
www.edu.xunta.gal/centros/ceipasmercedesourense

O noso centro ven funcionando con tres unidades de EI e seis unidades de Educación Primaria.

A ratio, en Educación Infantil é de 20 alumnos por aula nos dous primeiros cursos e de 25 en 6º de infantil e en Educación Primaria excepto nun curso que é de 15 e na maioría de cursos están as prazas cubertas ou con poucas vacantes, aínda que nos últimos anos baixou a matrícula e os cursos de infantil están cunha ocupación menor.

O cadro de profesores está formado por tres profesores-titores de Educación Infantil máis unha mestra de apoio e cinco profesores-titores de Educación Primaria máis un especialista en Francés que exerce como mestre de Educación Primaria, especialistas de Inglés, Música, Educación Física e Pedagogía Terapéutica. Compartimos con outros centros a profesora de Relixión Católica, Orientador e o profesorado de AL.

O equipo directivo, dado o número de unidades do centro, está formado polo director, a secretaria e a xefa de estudos.

Do profesorado definitivo no centro hai tres mestres/as de educación primaria cualificado para impartir as materias non lingüísticas en inglés (nivel B2)".

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O Centro de Educación Infantil e Primaria Plurilingüe As Mercedes é un centro de carácter público dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. O Proxecto Educativo do CEIP Plurilingüe As Mercedes recolle a descrición do ambiente socio-económico-

cultural do entorno establecendo que: "O noso centro é un centro urbano da cidade de Ourense, está situado no límite da zona vella coa moderna da cidade, dentro dunha zona peonil con facilidade para o acceso dos alumnos e alumnas. Pola nosa localización temos familias de características moi diferentes, xa que na zona nova viven familias con poder adquisitivo medio-alto e un nivel cultural alto e na zona vella, polo xeral, viven familias con menos recursos.

As familias do alumnado do CEIP Plurilingüe As Mercedes manteñen unha boa relación co centro educativo sendo esta correcta. O CEIP Plurilingüe As Mercedes está adscrito ao IES As Lagoas.

Actualmente temos escolarizados entorno a 140 alumnos e alumnas, a maioría españois, se ben que está aumentando o alumnado procedente doutros países, principalmente de latino América.

Esta situación fai que, de partida, contemos cun problema engadido á hora de normalizar o galego, pois hai que dicir que a maioría do alumnado que ven ao colexio é castelán falante.

Desde hai moitos anos o profesorado do centro está a incluír as novas tecnoloxías na súa práctica docente, especialmente nos últimos anos.

Este Plan Dixital contribúe a acadar os obxectivos, principios metodolóxicos e medidas de atención á diversidade así como de adaptación ó contexto COVID-19 recollidos nos diferentes documentos do centro.

En relación ó proxecto educativo do centro:

- Nos obxectivos para a formación do profesorado aparece "Promover a formación do profesorado nas novas tecnoloxías, así como no uso dos tableiros dixitais"
- Tanto nos obxectivos xerais de etapa de infantil "Achegarse, na medida das súas posibilidades, ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación." como na etapa de primaria "Utilizar de xeito guiado as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura da información."

En relación á programación xeral anual:

- Nos obxectivos que atinxen ó equipo directivo atopamos "Dar a coñecer ó profesorado tódalas convocatorias de cursos de formación que cheguen ó centro, técnicas de innovación pedagóxica, ampliación de coñecementos e alentar a asistencia ós mesmos. En particular, a utilización das novas tecnoloxías na práctica docente e na xestión informatizada da biblioteca para que isto se traduza nunha mellora da calidade educativa para o centro."
- No Plan de integración das TICs "A medida que incorporamos o ordenador e os diferentes recursos tecnolóxicos con el asociados como ferramenta de traballo na práctica docente, comprobamos as vantaxes de apoio no desenvolvemento da tarefa educativa e do motivador que lle resulta ó alumnado de tódolos niveis educativos de Infantil e Primaria. Isto é un elemento motivador suficiente para que vaimos introducindo as novas tecnoloxías no proceso de ensino aprendizaxe e adquirir máis coñecementos para un mellor uso dos medios."

En relación o plan de adaptación ó contexto da COVID e o plan de continxencia:

- O profesorado continuará formándose no uso das novas tecnoloxías para poder dar resposta a unha eventual educación non presencial a través da aula virtual do centro.
- O equipo TICs será o responsable do traballo de mantemento da aula virtual e da páxina web, de coordinar a implantación das aulas virtuais e da comunicación coas persoas asesoras Abalar e coa UAC ademais de divulgar accións de formación para o conxunto do persoal docente.
- Cada mestre será o encargado de xestionar os cursos da aula virtual correspondentes ás materias que imparte.
- O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado o ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

Por outra banda o centro foi admitido no proxecto E-dixgal polo que se propón tamén a través do plan dixital de centro acadar os seguintes obxectivos:

- Que o alumno/a sexa o verdadeiro protagonista do proceso de ensino-aprendizaxe facendo posible unha aprendizaxe máis activa.
- Incrementar a autonomía do alumnado cunha aprendizaxe individualizada que lle permita seguir o seu ritmo de aprendizaxe.
- Cambiar a metodoloxía do proceso de ensino-aprendizaxe -non os obxectivos nin os contidos- por unha metodoloxía máis activa e motivadora para o alumno/a.
- Preparar os nosos alumnos/as para o futuro a través do uso educativo dos medios de información e comunicación. O coñecemento non pode construírse xa independentemente dos contidos dixitais que están nas diferentes redes de comunicación.
- Potenciar o desenvolvemento cognitivo e a aprendizaxe innovadora mediante novos contornos que favorezan a potenciación de habilidades, destrezas e adquisición de coñecementos.

No curso 2019-2020 empezouse a impartir "Programación e Robótica" en 6º de primaria como materia de libre configuración e actualmente impártese nos cursos de 4º e 6º de primaria.

FORMACIÓN REALIZADA NO CENTRO

2008 / 2009

O0805009 - As TIC como recurso nos procesos de ensinanza e aprendizaxe

Grupo de traballo

2010 / 2011

O1005005 - A pizarra dixital: un elemento a incorporar á nosa práctica educativa.

Grupo de traballo

2013 / 2014

O1305030 - Sensibilización e aproximación á aprendizaxe cooperativa

Grupo de traballo

2018 / 2019

O1801029 - PFPP O1831005 Fundamentos de E-Dixgal.

Curso

O1806007 - PFPP O1831005 Introducción ao EVA E-Dixgal.

Seminario

O1806007 - PFPP O1831005 Introducción ao EVA E-Dixgal.

Seminario

2019 / 2020

O1901050 - PFPP O1931026 Introducción á robótica educativa e á programación

Curso

O1905044 - PFPP O1931026 A robótica educativa e a programación en primaria

Grupo de traballo

O1905044 - PFPP O1931026 A robótica educativa e a programación en primaria

Grupo de traballo

2020 / 2021

O2006023 - PFPP O2031015 A nosa aula virtual

Seminario

O2006023 - PFPP O2031015 A nosa aula virtual

Seminario

2021 / 2022

O2105072 - PFPP O2131040 Análise da competencia dixital do centro e elaboración do plan dixital

Grupo de traballo

O2105072 - PFPP O2131040 Análise da competencia dixital do centro e elaboración do plan dixital

Grupo de traballo

1.3. Breve xustificación do mesmo

A contextualización normativa do Plan Dixital do noso centro basease na lexislación vixente:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación

do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

Para elaborar este documento creouse un grupo de traballo no centro integrado polos membros do equipo TICs que ademais participou nun PFPP cunha docencia de 8 horas e o resto para traballo en grupo.

As tarefas levadas a cabo polo grupo de traballo foron as seguintes:

- Elaboración da enquisa SELFIE: configuración dos datos do centro, decisións sobre a posibilidade de engadir cuestións personalizadas en relación ó noso centro....
- Análise da situación actual do centro: mediante a ferramenta DAFO, valoramos as debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades do centro.
- Plan de acción do plan dixital de centro: proposta de obxectivos e accións para acadar estes obxectivos que dean resposta ás nosas necesidades.
- Elaboración do plan: elaboración do documento final contextualizado á realidade do noso centro.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- Descrición xeral da Infraestrutura dixital:

Todo o centro está conectado en rede, con acceso a Internet en todas as aulas e espazos comúns con antenas WIFI repartidas por todo o centro.

- Equipamento dispoñible e usos

- 1). Un ordenador fixo e PDI en todas as aulas do centro.
- 2). 25 portátiles en bo uso e 2 demasiado anticuados.
- 4). Un ordenador con impresora no despacho do Servizo de Orientación do centro.
- 5). Dous ordenadores con impresora na Sala de Profesores.
- 6). Dous ordenadores con impresora e fotocopiadora (conectados en rede) para as tarefas administrativas en Secretaría (1) e Dirección (1).

* Pendente de recepción do equipamento E-Dixgal que comeza no vindeiro curso.

- Servizos dixitais educativos.

No centro dispomos dos seguintes servizos dixitais educativos:

- Correo
- Páxina web do centro
- Aula virtual
- EspazoAbalar
- Equipos para uso na sala de profesorado e departamentos.
- Equipos ultraportátiles para aula móbil
- Aula(s) de informática
- Proxecto Edixgal

A aula virtual ten creados todos os cursos desde 4º de infantil ata 6º de primaria e minimamente nos cursos de 3º a 6º úsase activamente por parte do alumnado, realizando tarefas en liña e mellorando no seu uso.

O mantemento do equipamento do centro é realizado polo equipo TICs e o persoal de mantemento da Unidade de Atención a Centros.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE

Podemos ver a información do **resumo das áreas** do informe SELFIE de cada etapa educativa na seguinte táboa:

Areas	Grupos	Ensinanzas
		Primaria
A -Liderado	Equipo Direct.	2,6
	Profesorado	4
	Alumnado	-
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2,6
	Profesorado	3
	Alumnado	3,4
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,2
	Profesorado	3,5
	Alumnado	3,3
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3,1
	Profesorado	4,1
	Alumnado	-
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,4
	Profesorado	4
	Alumnado	-
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	2,9
	Profesorado	3,4
	Alumnado	2,9
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2,4
	Profesorado	2,7

	Alumnado	-
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	2,9
	Profesorado	3,6
	Alumnado	3,8

Mediante o **Test CDD** recadamos a seguinte información:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	7	13	53,8%
PROVISIONAL	4	4	100%
INTERINO	0	1	0%
SUBSTITUTO	1	1	100%
DESPRAZADO	0	1	0%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
75,5	Integrador/a (B1)	76,5	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf.	81,5	Integrador/a (B1)	68,2	Integrador/a (B1)
Pri.	80,2	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	8,3%
A2	5	41,7%
B1	3	25%
B2	2	16,7%
C1	1	8,3%
C2	0	0%
TOTAL	12	100,00%

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE e TCDD, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	Acceso a internet. C1 Dispositivos para o alumnado, equipamento e infraestruturas. C1-C3-C8 Facilidade para buscar recursos dixitais en liña. E1	Os espazos físicos son reducidos e non facilitan a ensinanza con tecnoloxías dixitais. C14
	PERSOAL DOCENTE	Emprego de entornos virtuais de aprendizaxe e recursos educativos en liña. E3 Formación media B1 A maioría do profesorado do centro participa nos PFPP organizados polo centro. D	A maioría do profesorado non é quen de crear recursos dixitais. E2 Pouco uso da tecnoloxía para facilitar a colaboración entre o alumnado e proxectos interdisciplinares. F5-F6 Pouco uso das tecnoloxías dixitais para a avaliación. G1-G3-G5-G8
	PERSOAL NON DOCENTE	Colaborador en actividades educativas do centro	
	ALUMNADO	O alumnado de 3º a 6º é quen de usar a aula virtual	
	FAMILIAS	A maioría das familias reciben información do centro a través da páxina web e AbalarMóbil.	
	OFERTA	Centro Plurilingüe. Materia de Programación e Robótica. H11 A aula virtual do centro. E1	Non se oferta EDIXGAL no centro. C2
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO		Non hai unha estratexia dixital. A1

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Oferta de formación dixital para o profesorado. D Existencia de programas como EDIXGAL. D	Falta de tempo para unha formación dixital axeitada. D Exceso de tarefas administrativas. D
	LEXISLACIÓN		Cambios legislativos constantes. A-D-F-G
	CONTORNA	Boa localización do centro	
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES		

3. Plan de Acción

Este Plan de Acción ten en conta os recursos materiais e humanos para o desenvolvemento do mesmo.

Os obxectivos buscan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Baseándonos na análise das Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades do noso centro elaboramos o plan de acción para mellorar a situación en relación co uso das novas tecnoloxías e propomos os seguintes obxectivos:

Área/s de mellora: Pedagogía: Apoio e Recursos (E)

OBXECTIVO 1: Desenvolver o programa E-Dixgal no centro.

OBXECTIVO 4: Realizar un Programa de Formación Permanente do Profesorado sobre E-Dixgal

Área/s de mellora: Infraestructuras e equipamento (C)

OBXECTIVO 2: Actualizar os equipos, da biblioteca e das aulas, coa última maqueta Abalar Libre.

Área/s de mellora: Liderado (A)

OBXECTIVO 3: Promover a comunicación entre o profesorado e as familias mediante o uso da ferramenta AbalarPro.

Área/s de mellora: Prácticas de avaliación (G)

OBXECTIVO 5: Realizar rúbricas dixitais para a avaliación dos mínimos das áreas instrumentais de primaria adaptado LOMLOE

Ver Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestructuras tecnolóxicas

- Infraestructura dixital:

En canto á Infraestructura dixital non hai necesidades de mellora no centro. Tanto Infraestructura de datos e voz como as conexións cableadas, sen fíos e electrónica de rede, son adecuadas para as necesidades actuais do centro.

- Equipamento

– Unha boa parte dos ordenadores son antigos e no cumpren os requisitos mínimos dalgúñas aplicacións. A maiores, dous equipos foron retirados polo persoal de mantemento da Unidade de Atención a Centros, e a pesares de que se solicitou a UAC a súa reposición co correspondente informe, non foron repostos.

É imprescindible ter os equipos necesarios para poder levar a cabo unha boa educación dixital.

Estamos pendentes de recibir o equipamento E-Dixgal.

- Servizos dixitais educativos.

– Non hai propostas de mellora destes servizos corporativos.

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: Pedagoxía: Apoio e Recursos (E)						
OBXECTIVO 1: (1)	Desenvolver o programa E-Dixgal no centro.				Acadado	
Responsable:	Equipo directivo e titores 5º e 6º de primaria.				Non Acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Número de cursos que participan no programa E-Dixgal (Instrumento: Proxecto Educativo do Centro)					
Valor de partida: (3)	0 cursos no programa E-dixgal					
Valor previsto e data: (4)	2 cursos no programa E-dixgal e usalo en 5º e 6º de Educación Primaria		20/06/2023 5º EP e 20/06/2024 5º e 6º EP			
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Formación E-dixgal do profesorado.	Grupo de traballo	20/12/2022	Persoa formadora. Actas das reunións.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Programación dos contidos da plataforma EVA.	Grupo de traballo	20/06/2023	Selección de contidos Profesorado grupo de traballo		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Infraestructuras e equipamento (C)						
OBXECTIVO 2: (1)	Actualizar os equipos, da biblioteca e das aulas, coa última maqueta Abalar Libre.				Acadado	
Responsable:	Coordinador TIC				Non Acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Equipos desactualizados. (Instrumento: Memoria TIC)					
Valor de partida: (3)	10% de ordenadores actualizados.					
Valor previsto e data: (4)	100% de ordenadores actualizados coa maqueta Abalar Libre.			30/11/2022		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: Valorar os equipos que poden ser actualizados coa versión estándar ou a versión lixeira.	Coordinador TIC	30/09/2022	Coordinador TIC Requisitos de hardware das distintas versións.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Actualizar os equipos coa versión estándar ou lixeira da maqueta abalar.	Equipo TICs	30/11/2022	Equipo TICs USB de arranque coa Maqueta Estándar USB de arranque coa Maqueta Lixeira		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
					Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Liderado (A)						
OBXECTIVO 3: (1)	Promover a comunicación entre o profesorado e as familias mediante o uso da ferramenta AbalarPro.				Acadado	
Responsable:	Coordinador TIC				Non Acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Porcentaxe de profesorado que realizan as comunicacións coas familias a través do sistema AbalarPro (Instrumento: Enquisa)					
Valor de partida: (3)	20% do profesorado comunicase coas familias a través do sistema AbalarPro					
Valor previsto e data: (4)	80% do profesorado que se comunique coas familias a través do sistema AbalarPro			20/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A03.1: Explicar ó profesorado o uso do programa AbalarPro	Director	30/09/2022	Director e coordinador TIC Aplicación AbalarPro Dispositivos Móviles Presentación		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.2: Fomentar a titorización entre iguais para resolver as dúbidas no uso da ferramenta AbalarPro	Profesorado	20/06/2023	Profesorado con coñecementos do uso da aplicación Aplicación AbalarPro Dispositivos Móviles		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.3: Potenciar o uso de AbalarPro mediante o envío de notificacións periódicas.	Profesorado	20/06/2023	Coordinador TIC e profesorado. Aplicación AbalarPro Dispositivos Móviles		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Pedagogía: Apoio e Recursos (E)						
OBXECTIVO 4: (1)	Realizar un Programa de Formación Permanente do Profesorado sobre E-Dixgal				Acadado	
Responsable:	Xefatura de estudos				Non Acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Número de profesores con formación E-Dixgal (Instrumento: Enquisa)					
Valor de partida: (3)	0 profesores/as con formación E-Dixgal					
Valor previsto e data: (4)	8 profesores/as con formación E-dixgal			20/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO4.1: Solicitud dun PFPP E-Dixgal	Xefa de Estudos	20/12/2022	Xefa de estudos e Coordinador TIC Convocatoria PFPP Solicitud		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Curso de E-Dixgal	Grupo de traballo	20/12/2022	Persoa Formadora Biblioteca Ordenadores		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.3: Seminario de E-Dixgal	Grupo de traballo	15/03/2023	Profesorado do grupo de traballo Biblioteca Ordenadores		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Prácticas de avaliación (G)						
OBXECTIVO 5: (1)	Realizar rúbricas dixitais para a avaliación dos mínimos das áreas instrumentais de primaria adaptado LOMLOE				Acadado	
Responsable:	CCP				Non Acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Número de rúbricas creadas e compartidas na aula virtual					
Valor de partida: (3)	0 rúbricas creadas e compartidas na aula virtual					
Valor previsto e data: (4)	12 rúbricas creadas e compartidas na aula virtual			20/06/2024		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO5.1: Creación dun grupo de traballo interdisciplinar para crear as rúbricas	Xefa de Estudos	20/12/2022 para 1º, 3º e 5º 20/12/2023 para 2º, 4º e 6º	Profesorado implicado Convocatoria		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.2: Determinación dos mínimos das áreas instrumentais	CCP	20/12/2022 para 1º, 3º e 5º 20/12/2023 para 2º, 4º e 6º	Membros da CCP Actas das reunións		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.3: Realización das rúbricas para avaliar os mínimos das áreas instrumentais.	Grupo de traballo	15/03/2023 para 1º, 3º e 5º 15/04/2024 para 2º, 4º e 6º	Profesorado do grupo de traballo Biblioteca Ordenadores		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.4: Publicación e proba das rúbricas para avaliar os mínimos das áreas instrumentais.	Grupo de traballo	15/03/2023 para 1º, 3º e 5º 15/04/2024 para 2º, 4º e 6º	Profesorado das áreas instrumentais Rúbricas Aula Virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

4. Avaliación do plan

4.1 Seguimento do Plan de Acción

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos realizarase en dúas fases, unha avaliación procesual que se realizará unha vez ó trimestre e unha avaliación final ó remate do curso.

- No contexto da **avaliación procesual**, realizarase unha reunión trimestral do equipo de TICs para ver o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora. Indicando a valoración do grado de execución da acción e o estado da mesma, indicando "Realizada", "Aprazada" ou "Pendente" segundo corresponda.

- No contexto da **avaliación final**, realizarase unha reunión do equipo das TIC ó final do curso escolar para valorar o logro dos obxectivos así como as propostas de mellora. Tendo en conta estes aspectos valorarase a posibilidade de manter, cambiar e/ou propor novos obxectivos.

4.2 Propostas de mellora (revisión)

Do seguimento e avaliación do Plan Dixital elaboraremos unhas propostas de mellora para poder corrixir posibles deficiencias detectadas na aplicación deste plan ou a aparición de novas necesidades.

5. Difusión do plan

O Plan Dixital de Centro será presentado ó claustro e aprobado no Consello Escolar.

Ademais, será publicado na web do centro e enviado ás familias a través da aplicación abalarmóbil.